

Hipatia

(Alexandría, 370-415)



Destacou en Matemáticas, Astronomía e como membro e cabeza da Escola Neoplatónica de Alexandría.

Educou unha selecta escola de aristócratas, cristiáns e pagáns, que ocuparon altos cargos tanto civís como relixiosos. Entre eles destacan Sinesio de Cirene, que mantivo unha extensa correspondencia con ela, Hesiquio de Alexandría e Orestes, prefecto de Exipto no momento da morte de Hipatia. Escribiu tratados sobre Xeometría, Álgebra e Astronomía. Entre eles, «Comentarios» a: *Os Elementos de Euclides*, *O Almagesto de Ptolomeo*, *A Aritmética de Diofanto* e *As Cónicas de Apolonio*.

Tamén se interesou pola mecánica: mellorou o deseño dos primitivos astrolabios, instrumento para determinar a posición das estrelas no firmamento. Inventou un planisferio, un destilador e un hidrómetro graduado (precursor do actual aerómetro).

Mantivo ata o final as súas conviccións de racionalidade e independencia de pensamento, o que lle custou a vida:

Defende o teu dereito a pensar, porque incluso pensar de xeito erróneo é mellor que non pensar.

A súa morte pon fin á Ciencia clásica e a partir de aí empeza unha época non moi propicia para a Ciencia, en xeral, as Matemáticas, en particular, e especialmente escura para as mulleres matemáticas; comeza a Idade Media.